



## RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO CÓDIGO ÉTICO DO FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (Fogga)

O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), organismo autónomo dependente da Consellería do Medio Rural, é o organismo pagador dos gastos financiados polos fondos agrícolas europeos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co previsto no Decreto 155/2006, do 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia, así como no Real decreto 1046/2022, de 27 de decembro, polo que se regula a Gobernanza do Plan Estratégico da Política Agrícola Común en España e dos fondos europeos agrícolas FEAGA e Feader.

O Regulamento (UE) 2022/127, da Comisión do 7 de decembro de 2021, que completa o Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, establece as normas relativas aos organismos pagadores e outros órganos, á xestión financeira, á liquidación das contas, as garantías e o uso do euro e determina no seu Anexo I que o Organismo Pagador demostrará a súa integridade e os valores éticos e que todos os niveis de dirección respectarán a integridade e os valores éticos nas súas instrucións, accións, e comportamentos.

A integridade e os valores éticos deberán ser definidos nas normas de conducta e ser comprendidos por todos os niveis da organización, así como por todos os prestadores de servizos externalizados e os beneficiarios. Deberase dispor de procesos para avaliar a conformidade das persoas físicas e entidades colaboradoras coas normas de conducta e abordar as desviacións nos momentos oportunos. O organismo pagador deberá demostrar o seu compromiso para contratar, formar e conservar ao persoal con competencias en consonancia cos seus obxectivos.

Do mesmo xeito o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba el texto refundido de la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu Capítulo VI, os deberes dos empregados públicos e o código de conducta, e determina que os empregados públicos deberán desenvolver con dilixencia as tarefas que teñan asignadas e velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, debendo actuar conforme aos principios de obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade e dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia e honradez, promoción da contorna cultural e medioambiental, e respecto a igualdade entre mulleres e homes, que inspiran o código de conducta dos empregados públicos.





## Primeiro. Obxecto e finalidade

1. Esta Resolución ten por obxecto establecer o Código de conducta e os principios éticos que deben rexer o exercicio das actuacións atribuídas ao Fogga como organismo pagador dos fondos FEAGA e Feader.
2. Con este fin, regulase o procedemento para garantir a adhesión ao código ético do persoal ao servizo do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) e ao servizo dos órganos e organismos que teñen vixente unha Resolución de delegación de funcións

## Segundo. Ámbito de aplicación

O previsto nesta Resolución será de aplicación a todo o persoal dependente da Fondo Galega de Garantía Agraria (en diante Fogga) que participa no exercicio das funcións que como organismo pagador tanto de FEAGA, coma de Feader, ten atribuídas, co obxectivo de alcanzar o total respecto aos principios de independencia, obxectividade, integridade e transparencia que deben concorrer no seu desenvolvemento.

Así mesmo, aplicarase ao persoal daqueles órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións conforme ao previsto no artigo 1.2 do Real decreto 1046/2022, de 27 de decembro, polo que se regula a gobernanza do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común en España e dos fondos europeos agrícolas FEAGA e Feader.

## Terceiro. Adhesión ao código ético e principios de conducta

O persoal do Fogga, no exercicio das súas funcións, e o persoal daqueles órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, deberá actuar con total obxectividade e ser independente en relación coas funcións que na xestión, control e pagamento dos fondos agrarios ten atribuídas, ou que estean directamente afectadas polas mesmas.

## Cuarto. Obrigas do persoal do Fogga e dos órganos ou organismos que teñan unha Resolución de Delegación de Funcións

O persoal do Fogga, no exercicio das súas funcións, e o persoal daqueles órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, de carácter técnico ou de dirección e que participe no exercicio das funcións que ten atribuídas, deberá subscribir a **declaración de coñecemento e adhesión ao contido**





**do Código de Boas Practicas do Fogga** que figura no Anexo II desta Resolución que será remitida a Secretaría do Fogga a través da da Plataforma Moodle do Fogga (<https://formacion-fogga.xunta.gal/>) para o seu arquivo e conservación.

#### **Quinto. Momento de realizar a declaración de adhesión**

Con carácter xeral realizarase a declaración de coñecemento e adhesión ao Código de Boas Prácticas no momento da incorporación a un posto de traballo no Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) ou nalgún dos órganos ou organismo que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións.

#### **Sexto. Xestión da Documentación**

No ámbito da xestión e pago dos fondos FEAGA e Feader, o persoal que realice calquera das funcións atribuídas ao Fogga, xa sexan propias ou por delegación, deberá asinar a súa adhesión ao Código de Boas Prácticas recollido no Anexo I a cal, conforme ao modelo establecido no Anexo II, que será remitida a Secretaría do Fogga a través da Plataforma Moodle do Fogga (<https://formacion-fogga.xunta.gal/>) para proceder ao seu arquivo e conservación.

#### **Sétimo. Responsabilidades**

O persoal do Fogga, no exercicio das súas funcións, e o persoal daqueles órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións que non comunique as circunstancias ou de ameaza á independencia ou que incumpra o recollido nesta disposición estará suxeito ás responsabilidades que procedan de acordo coa normativa aplicable.

#### **Oitavo. Canle de denuncias**

Como instrumento adicional de control do cumprimento dos principios recollidos nesta disposición, calquera persoa (xa sexa persoal ao servizo da administración e calquera cidadá) poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico a través do canle de denuncias habilitado pola Xunta de Galicia como vía preferente para a comunicación de información relativa a supostas infraccións do seu sistema de integridade e previsto no Plan Xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia:





<https://transparencia.xunta.gal/es/canle-de-denuncias>

A xestión das comunicacións recibidas a través da Canle de denuncias da Xunta de Galicia correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (DXSA) na súa condición de responsable do sistema interno de información da Xunta de Galicia, que se instrumentaliza a través do SIACI (servizo PR006A).

O persoal da DXSA pode solicitar a tal efecto a información que sexa necesaria, tanto aos órganos administrativos ou entidades aos que se refira, como aos órganos transversais que poidan verse afectados.

En todo caso, asegúrase que a presentación de denuncias, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade da persoa denunciante de conformidade co previsto na normativa aplicable.

A comunicación por estas canles estrutúrase en dúas modalidades: anónima e nominativa.

Calquera persoa pode acceder as mesmas e contar coa garantía de confidencialidade da súa identidade.

Estas canles configúranse como vía preferente para informar sobre as seguintes condutas:

- a. Accións ou condutas contrarias ao sistema de integridade da Xunta de Galicia.
- b. Calquera acción ou omisión que poida constituír infracción do Dereito da Unión Europea sempre que entre dentro do ámbito de aplicación da normativa relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, afecte os intereses financeiros da Unión Europea ou incida no mercado interior, incluídas as infraccións das normas europeas de competencia e axudas, así como os actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou con prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades.
- c. Accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave no marco da xestións dos fondos FEAGA e Feader.
- d. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebranto económico para a Facenda pública e a Seguridade Social.





(Alguns exemplos: uso ou destino ilegal de fondos públicos; desvío de subvencións a fins alleos a aqueles para os que se outorgaron; irregularidades na contratación pública; arbitrariedades que determinan acceso desigual a servizos públicos, autorizacións; conflitos de interese).

Opcionalmente, as comunicacións poderán presentarse:

- 1) Por vía postal ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- 2) De maneira verbal e presencial (mediante solicitude de cita presencial).

A xestión das comunicacións encoméndase a un reducido grupo de persoas que están expresamente sometidas a un plus de confidencialidade, e realízase segundo as previsións básicas recollidas no PXMA da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, na data e hora establecidos na sinatura electrónica  
O director do Fondo Galego de Garantía Agraria  
Juan José Cerviño Varela





## ANEXO I

### **CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS NO EXERCICIO DAS FUNCIÓNS DE XESTIÓN E PAGO DAS AXUDAS FEAGA/Feader ATRIBUÍDAS AO FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (Fogga)**

#### **I. FINALIDADE**

O código de boas prácticas no exercicio das funcións de xestión, pago e control dos fondos FEAGA e Feader atribuídas ao Fondo Galego de Garantía Agraria (en diante o Fogga), ten como obxectivo sintetizar dun xeito conciso e sinxelo o conxunto de valores e principios básicos de actuación que deben orientar a actividade profesional do persoal ao servizo deste órgano que participa no desenvolvemento das súas funcións, así como ao persoal dos órganos e entidades que teñen vixente unha Resolución de delegación de funcións do Organismo pagador.

Este código ético fundamentase na aplicación estrita da normativa interna (comunitaria, estatal e autonómica) correspondente, en particular, do artigo 53 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público relativo aos principios éticos, o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo á abstención e a Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Estes principios de actuación, como son a independencia, a obxectividade, a integridade e a confidencialidade e profesionalidade configúranse como valores que deberán rexer as competencias que desenvolve o persoal ao servizo da Fogga e dos órganos e organismo que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións.

Como obxectivos específicos deste código destacan:

- a) Integrar a dimensión ética no desenvolvemento das funcións xestión, control e pago dos Fondos Agrarios.
- b) Servir de referente para o correcto exercicio das actividades públicas encomendadas no marco da política agraria común
- c) Reforzar os estándares de conduta dos servidores públicos, especialmente, o seu compromiso único coa protección e tutela dos intereses xerais ca Comunidade Autónoma de Galicia e da Unión Europea.
- d) Orientar aos empregados públicos e o resto do persoal, que desenvolven estas funcións na adopción das súas decisións cando requiran de certo grao de discrecionalidade.





- e) Previr situacións, prácticas ou condutas que poidan poñer en dúbida o exercicio imparcial, obxectivo e independente das funcións de xestión, pago e control que ten encomendadas o Fogga como organismo pagador.
- f) Incrementar os parámetros de calidade do Fogga e dos órganos e organismo que teñen vixente unha delegación de funcións para dar resposta efectiva ás necesidades e expectativas da cidadanía e de xeito particular, aos beneficiarios das axudas da política Agraria Común.

## **II. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O código será aplicable a tódolos empregados públicos e demais persoal, que desenvolven as funcións de xestión, pago e control que ten encomendadas o Fogga, tanto no exercicio da xestión das axudas como na ordenación dos pagos da PAC. Así como a todo persoal dos órganos ou organismos que teñen en vigor una Resolución de delegación de funcións, respecto ás funcións delegadas.

Con este fin, o citado persoal deberá subscribir unha declaración expresa de coñecemento e adhesión ao contido deste código e informar de calquera situación ou práctica que poida poñer de manifesto o incumprimento do mesmo.

## **III. PRINCIPIOS E VALORES NO DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS COMO ORGANISMO PAGADOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

No desenvolvemento das como Organismo Pagador, polo persoal ao servizo do Fogga e dos órganos e organismos que teñen vixente unha delegación de funcións deberán observarse, con carácter obrigatorio, os seguintes principios e valores:

- a) Integridade.
- b) Independencia e obxectividade.
- c) Aptitude crítica e escepticismo profesional.
- d) Profesionalidade e respecto.
- e) Competencia, dilixencia e compromiso profesional.
- f) Confidencialidade e transparencia.

### **a. Integridade**

A integridade esixe a exemplaridade no quefacer profesional, desempeñando as funcións de maneira honesta, confiable, de boa fe e a favor do interese público e proporcionando, en todo momento, información veraz e contrastada.

Deste xeito, no curso do seu traballo, o persoal do Fogga e dos órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, deberá ser digno de confianza e axustarse ás políticas e normas que rexen o funcionamento do organismo, coidando de exercer as súas responsabilidades e usar as súas potestades, a





información e os recursos á súa disposición unicamente en beneficio do interese público, sen poder utilizar a súa posición para obter favores ou beneficios persoais para eles ou para terceiros.

En particular, o persoal incluído no ámbito de aplicación da presente resolución non poderá aceptar, recibir ou solicitar, directamente ou a través de terceiros, e en consideración ao seu cargo ou posto, ningún regalo, dádiva, beneficio ou favor, calquera que fora a súa natureza, nin para si mesmo nin para o seu círculo familiar inmediato.

Tampouco admitirán, nin para si nin para o seu círculo familiar inmediato, ningún tipo de trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada por parte de persoas físicas ou entidades públicas ou privadas, que poidan comprometer o exercicio das súas funcións.

b. Independencia e obxectividade

No exercicio das súas funcións como Organismo Pagador, o persoal do Fogga, e dos órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, actuará con ecuanimidade e imparcialidade, axustando a súa actuación, en todo momento, aos principios de independencia funcional e obxectividade.

O persoal referido no parágrafo anterior, deberá estar libre de influencias ou circunstancias que comprometan ou poidan ser vistas como comprometedoras do seu xuízo profesional, e actuar, en todo caso, de maneira imparcial e obxectiva.

No exercicio das súas funcións deberán evitar calquera situación que poida ser susceptible dun conflito de interese, entendendo como tal aquelas situacións nas que o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal.

No suposto en que se dubide da existencia dun conflito de interese, o persoal deberá absterse de intervir no traballo ou asunto de que se trate e comunicalo ao seu superior inmediato de conformidade co procedemento que a estes efectos se estableza.

En todo caso, o exercicio das funcións como Organismo Pagador é incompatible co exercicio de calquera outro cargo, profesión ou actividade que poida comprometer o seu desempeño independente e obxectivo ou poñer este último en cuestión.

c. Aptitude crítica e escepticismo profesional







O persoal do Organismo Pagador, e dos órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, actuará baixo o principio de escepticismo profesional, identificando, cando puidesen darse polas circunstancias da xestión, controis ou pagos, incorreccións materiais, así como evidencias contraditorias, datos que cuestionen a fiabilidade dos documentos, circunstancias sospeitosas de fraude ou outras que impliquen a necesidade de realizar traballos adicionais as ordinarios.

O desempeño orientado polo escepticismo profesional leva a mitigación de riscos como á utilización de hipóteses inadecuadas, a formulación de conclusións excesivamente xerais ou non advertir circunstancias inusuais que puidesen ser significativas de irregularidades ou fraudes.

Nos casos de dúbida sobre a fiabilidade da información facilitada polos potenciais beneficiarios ou de existencia de indicios de fraude, deberase proceder a unha indagación máis detallada para determinar se procede aplicar actuacións adicionais a tramitación ordinaria dos expedientes e, no seu caso, a adopción das medidas que correspondan.

O persoal do Fogga non participará nin avalará, conscientemente, o contido de traballos ou expedientes que conteñan declaracións falsas ou enganosas, información proporcionada negligentemente ou que oculten información necesaria para non inducir a erro.

#### d. Profesionalidade e respecto

O persoal do Fogga, e dos órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, deberá, en todo momento, adoptar todas as medidas e cautelas que sexan necesarias en aras a garantir o respecto ao principio de legalidade, mediante o estrito cumprimento das leis, regulamentos e demais normativa aplicable, así como dos principios de servizo ao interese público e de celo profesional, aplicando os valores e conductas recollidas neste código, guiándose pola exemplaridade e a procura constante da excelencia técnica.

Nas relacións cos compañeiros, ou cara ao persoal ao servizo doutras entidades ou órganos evitarase, calquera conduta ou medida que poida catalogarse como hostigamento ou acoso ao persoal subordinado, debendo manter, en todo momento, un trato respectuoso con todas as persoas intervinientes no proceso de xestión, control ou pago.

Así mesmo, deberá aplicar a prudencia e o debido coidado co fin de que as súas accións ou opinións non comprometan ou desacrediten o Fogga no seu traballo, debendo informar aos seus inmediatos superiores sobre calquera conflito que xurda entre os requisitos éticos da órgano e o seu traballo.





A maiores, o persoal ten que cooperar mediante o intercambio de coñecementos e información pertinente dentro da entidade.

e. Competencia, dilixencia e compromiso profesional.

O persoal do Fogga e dos órganos ou organismos que teñen vixente unha Resolución de delegación de funcións deberá realizar o seu traballo de conformidade coas normas aplicables e coa dilixencia debida, actuando de conformidade cos requisitos necesarios para cumprir coa asignación do seu traballo, de maneira coidadosa, minuciosa e oportuna.

Neste senso, o persoal do Fogga deberá desenvolver os seus coñecementos e habilidades para manterse ao día nos cambios no seu ambiente profesional, a fin de realizar o seu traballo de maneira óptima. Con este fin, o Fogga velará por proporcionar ou facilitar ao seu persoal a formación e a adquisición da competencia necesaria para o desempeño das súas funcións.

Con todo, este persoal deberá manter, en todo momento, unha actitude proactiva e dilixente no que se refire ao mantemento e a mellora continua da súa propia capacitación profesional. Esta dilixencia debida demanda unha actuación responsable e coidadosa, conforme as necesidades do desempeño profesional e orientada ao cumprimento dos obxectivos marcados.

As persoas titulares das unidades competentes velarán por fomentar o compromiso do persoal ao seu cargo cos obxectivos do Fogga, a adhesión do devandito persoal aos valores e principios expresados no código e promoverase a integración dos equipos de traballo, a actitude proactiva do persoal e o recoñecemento, público e privado, da excelencia e o esforzo profesional.

A actuación dilixente obrigará a unha revisión crítica dos procesos de traballo e dos seus resultados, no marco dun procedemento de mellora continua e auto esixencia profesional.

No caso de que a experiencia do persoal non sexa adecuada ou suficiente para realizar unha tarefa específica, exporalle este tema aos seus inmediatos superiores quen deberán adoptar as medidas oportunas para solventar esta situación.

f. Confidencialidade e transparencia

O persoal do Fogga, e dos órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, que teña acceso a datos ou información derivada do exercicio do mesmo, deberá manter absoluta confidencialidade e discreción sobre tales datos e información, estar alerta ante a posibilidade de revelación involuntaria





de información confidencial a terceiros e manter a devandita confidencialidade profesional durante e despois do cesamento do emprego.

En particular, non revelará ningunha información obtida como resultado do seu traballo sen a debida e específica autorización, a menos que exista un dereito ou deber legal ou profesional para facelo e non poderá utilizar información confidencial para beneficio persoal ou para o beneficio de terceiras persoas.

Deberá evitarse, en todo momento, facer uso de información obtida no desempeño da actividade de xestión dos Fondos, á que se tivo acceso no exercicio profesional, en conversacións ou reunións con outros compañeiros, fóra da contorna de traballo, ou con calquera outras persoas alleas o Fogga, incluídos as contornas familiares e sociais do propio persoal.

No que respecta ao uso de equipos e dispositivos informáticos adoptaranse as precaucións necesarias para evitar a exposición dos datos e informacións en cuestión a persoas alleas ao exercicio das actuacións de xestión, control e pago das que deriven ou coas que estean relacionados estes datos e informacións.

A obrigaón de confidencialidade será compatible coas esixencias de publicidade establecidas expresamente na lexislación vixente en materia de transparencia e bo goberno.

#### **IV. MEDIDAS PARA A PROTECCIÓN DOS PRINCIPIOS E VALORES DO CÓDIGO**

O persoal ao servizo do Fogga, e dos órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, velará polo estrito cumprimento dos principios e valores recollidos no código.

A estes efectos, se no desenvolvemento do seu traballo observase que pode concorrer nel calquera situación que poida supoñer un incumprimento do mesmo, especialmente no relacionado co conflito de interese, deberá actuar conforme o procedemento regulado ao efecto.

Cando calquera persoa ao servizo do Fogga, ou dos órganos e organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, teña coñecemento do incumprimento das obrigaóns derivadas do código, deberá poñelo en coñecemento da persoa titular do Centro directivo, Subdirección Xeral, Secretaria Xeral ou Xefatura Territorial a través das persoas titulares das unidades sinaladas no punto seguinte, ou no seu caso, da persoa ou cargo que se determine na súa unidade, co fin de que se a información necesaria sobre as circunstancias concorrentes e, previa audiencia das persoas concernidas, adóptense, no seu caso, as medidas necesarias para garantir a efectividade daquel.





Cando o incumprimento do código poida levar a comisión dunha infracción disciplinaria, penal ou administrativa tipificada como tal na normativa reguladora do réxime dos empregados públicos, a persoa titular da Secretaría do Fogga poñerá en coñecemento do órgano competente en materia de persoal para os efectos que resulten procedentes.

## V. RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS INTERPRETATIVAS

Os titulares das unidades de xestión que integran o Fogga ou dos órganos ou organismos que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, exporán as dúbidas interpretativas en relación co contido deste código ante a persoa titular da Secretaría do Fogga.

A resolución das dúbidas interpretativas corresponderalle a persoa titular da Dirección do Fogga a proposta da persoa titular da Secretaría do Fogga.

De existir conflito para a resolución por parte das persoas mencionada no parágrafo anterior elevarase a cuestión a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Medio Rural





## ANEXO II

*(asinar polo persoal técnico e de dirección que realiza a declaración)*

### DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO E ADHESIÓN AO CONTIDO DO CÓDIGO DE BOAS PRACTICAS NO DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS COMO ORGANISMO PAGADOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Eu, **NOME 1º APELLIDO 2º APELLIDO**, como empregado/cargo do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)/ *órgano ou organismo que teña vixente unha Resolución de delegación de funcións (AGADER, AGACAL etc)*

#### DECLARO

Que desempeño o posto/ cargo de *(descrición do posto ou cargo que se ocupa)*

Que a actividade do referido posto de traballo supón o exercicio de funcións de *(Sinalar de xeito xenérico as tarefas que se realizan xestión/pago/control)* dos Fondos FEAGA ou Feader.

Que teño pleno coñecemento do contido do código de boas prácticas no exercicio das funcións como Organismo Pagador encomendadas ao Fogga e compartida polos órganos e organismos que teñen vixente unha Resolución de delegación de funcións, sendo plenamente consciente dos deberes que o citado código atribúe a quen desempeña as referidas funcións e conforme ao Anexo I do Regulamento (UE) 2022/127, da Comisión do 7 de decembro de 2021, manifesto a miña plena adhesión aos valores e principios de actuación recollidos no devandito código e o meu compromiso co estrico cumprimento das obrigas que tales valores e principios demandan.

Santiago de Compostela, na data e hora establecidas na sinatura electrónica

